



Resolución do procedemento de inscrición do monte Biduedo e Serra do Eixo no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas autóctonas

Antecedentes

1. O 21/12/2020 o representante de CMVMC de Riomao, titular do monte Biduedo e Serra do Eixo, solicitou o inicio do procedemento de inscrición do dito monte no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, de acordo co artigo 6 do Decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas

2. O día 09/02/2021 o Servizo de Montes de Ourense solicitou á persoa titular do monte que emendase a súa solicitude, por non cumprir todos os requisitos dos artigos 6 e 7 do Decreto 167/2019. A documentación corrixida recibíuse o 09/02/2021.

3. O día 03/03/2021 o Servizo de Montes de Ourense informou favorablemente a solicitude.

4. O día 23/03/2021 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) un anuncio polo que se someteu a información pública o procedemento de inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas do monte Biduedo e Serra do Eixo.

5. Durante o período de información pública non se presentaron alegacións.

6. Instruído o procedemento, o día 25/05/2021 comunicouse ás persoas interesadas a apertura dun trámite de audiencia, en cumprimento do artigo 11.6 do Decreto 167/2019, e do artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7. Durante o trámite de audiencia non se presentaron alegacións.

8. O 11/06/2021 o xefe do Servizo de Montes de Ourense formulou a proposta de resolución do expediente, que a continuación elevou á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Consideracións legais e técnicas

1. O procedemento de inscrición do monte **Biduedo e Serra do Eixo** no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas instruíuse de acordo co Decreto 167/2019.

2. Segundo o artigo 12.1 do Decreto 167/2019, o órgano competente para resolver é a Administración forestal, que de acordo co artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, é o órgano da Comunidade Autónoma, con rango de dirección xeral ou secretaría xeral, con competencias en materia de montes.





3. O artigo 15.1 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, establece que á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal correspóndelle o exercicio das competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO**:

1. Que se inscriba o monte **Biduedo e Serra do Eixo** no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, coas seguintes características:

Nome do monte: Biduedo e Serra do Eixo (A Veiga, Ourense)

Titular: CMVMC de Riomaos

Superficie a inscribir: 105,08 ha en dous coutos redondos.

Couto redondo 1: 85,03 ha, Quercus pyrenaica, FCC 100%, idade 50 anos

Couto redondo 2: 20,05 ha, Quercus pyrenaica, FCC 80%, idade 40 anos

2. Que se publique esta resolución na páxina web da Consellería do Medio Rural.

3. Que se notifique esta resolución ao titular do monte, coa indicación de que, previamente á inscrición da masa no Rexistro, deberá presentar o **xustificante de ter realizado o pagamento da taxa por primeira inscrición rexistro oficial** (código da taxa de inscrición en rexistros oficiais 300200).

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co disposto no artigo 12.5 do Decreto 167/2019 e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,
O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal
José Luis Chan Rodríguez
(Asinado dixitalmente)